



CONCELLO DE REDONDELA

## EXPEDIENTE 1583/2020

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Atendendo á situación de emerxencia sanitaria con motivo da expansión do COVID-19 e co obxecto de asegurar a prestación dos servizos dos membros da Policía Local e do SEIS, garantindo as medidas sanitarias tanto para as/os empregadas/os municipais como das/os veciñas/os.

Seguindo as indicacións das responsables dos servizos municipais e as ordes e recomendacións das autoridades sanitarias, así como informado o comité de seguimento do Concello de Redondela.

En virtude das competencias que outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á adopción da seguinte

### RESOLUCIÓN,

**PRIMEIRO.** Aprobar o Protocolo de actuación da Policía Local e do SEIS do Concello de Redondela con motivo do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19:

### **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL E O SEIS DO CONCELLO DE REDONDELA, CON MOTIVO DO REAL DECRETO 463/2020, DO 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19.**

Co fin de evitar riscos innecesarios de contaxio, a partir de día de hoxe, por parte de todos os compoñentes do persoal desta Policía Local e do SEIS, seguiranse como mínimo, as seguintes instrucións:

### **Medidas xenéricas aplicables a todos os servizos municipais:**

- Reforzar as medidas de hixiene persoal:
  - A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección. Se as mans están visiblemente limpas a hixiene de mans farase con produtos de base alcohólica; se estiveran sucias farase con auga e xabón.
  - Medidas respiratorias: Ante síntomas respiratorios cubrir a boca e o nariz ao tusir ou esberrar cun pano desbotable. Se non ten pano de papel debe tusir ou esberrar sobre o seu brazo no ángulo interno. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Toda persoa con síntomas respiratorios debe lavarse as mans a miúdo.
  - NON compartir obxectos persoais e de oficina. De non ser posible, limpar antes do seu uso.
- Promover as consultas telefónicas/telemáticas tanto interna como externamente sen necesidade de acceso e/ou contacto próximo a persoas. Tamén entre persoas do mesmo Servizo.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 46HL CNCNT GWQFD9L KPZA LSJWJ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



CONCELLO DE REDONDELA

. Substituír/pospor, dentro do posible, as xuntanzas e reunións. De non ser posible, limitar ao mínimo indispensable o número dos seus integrantes.

- Manter a distancia de seguridade que será, como mínimo de 1,5 m.
- Evitar a exposición ás persoas sensibles: persoas que en función das súas características persoais ou estado biolóxico coñecido, debido a patoloxías previas, medicación, trastornos inmunitarios, embarazo ou lactación.

## **POLICÍA LOCAL**

1- Co fin de evitar aglomeracións nas zonas dos despachos de billetes, baños, e ao recoller todo o material de servizo. Terán preferencia e cambiaranse os que vaian de quenda entrante e logo os da quenda saínte. Na medida do posible os axentes que acudan ao servizo farano 15 min. antes.

2- Ao entrar e antes de saír pola porta de vestiario, aconséllase lavar as mans con auga e xabón durante uns 30 segundos e manter a distancia mínima de 1 metro e medio entre compañeiros.

3- Esta mesma distancia manterase na recollida e depósito do material en zonas comúns.

4- Tan pronto se recolla o material de traballo, irase directamente aos vehículos e á rúa, en servizo.

5- As patrullas serán formadas sempre polos mesmos policías, a non ser por ausencia dalgún compoñente.

6- Todos os policías coidarán, á entrada da quenda, da limpeza debida de todos os seus útiles de traballo, así como de partes do vehículo tales como volante, pomo de

cambio de marcha, manetas de apertura das portas, etc. , para o que están dispostas botellas de alcol e panos de papel. A mesma limpeza deberá realizarse ao finalizar o servizo.

7- A limpeza que se establece no punto anterior deberá realizar a mesma limpeza con respecto ao material de uso compartido, susceptible de transmitir contaxios, tales como teclados, rato, bolígrafos, mesa de traballo, micros da emisora, etc..

8- Estenderase a precaución no mantemento das distancias en todas as actuacións. Como norma xeral, manterase un mínimo de 1 metro e medio.

9- As intervencións corporais, de cacheos e identificacións restrinxiranse á extrema necesidade e realizaranse mantendo todas as medidas de seguridade necesarias.

10- Só en caso de extrema necesidade realizarase probas de alcoholemia e drogas e extremarase a prudencia na súa realización.

11- Evitarase o contacto directo na recollida de documentación, obxectos, pezas, etc. a non ser que se utilice luvas. Utilizaranse as luvas e máscaras que se teñan a disposición.

12- Naqueles casos de extremo contacto, como as intervencións humanitarias en domicilio, ou outras circunstancias nas que se sospeite estar entre persoas





CONCELLO DE REDONDELA

afectadas polo coronavirus, valorarase a prestación do servizo pedindo que sexa realizado polo 061 e en ultimo caso realizarse usando luvas e máscaras.

13- En caso de actuar con persoas afectadas, extremaranse as medidas buscando unha previa dirección sanitaria e requirindo de 061, medios para realizalo.

14. Na Xefatura de Policía ou noutras dependencias municipais evitarase estar varios funcionarios reunidos e de ser necesario manterase unha distancia de polo menos metro e medio.

15. A distribución de servizos por parte do Xefe e mandos, farase vía telefónica, radio e se se ha de facer presencial, se realizará respectando a distancia mínima de seguridade.

16. Extremarase o coidado no intercambio de todo tipo de material entre compañeiros e na súa relación cos cidadáns, como no intercambio de bolígrafos ou a entrega de documentación (caso por exemplo das localizacións permanentes). No caso das localizacións permanentes, non se entregará o documento á firma, senón que se fará constar o seu cumprimento por parte do policía que fai a revisión, resultando como válida a comprobación visual do funcionario de policía e deixando sen efecto a súa rúbrica, nos termos que ata o de agora se cumprían para a verificación da medida en cuestión. A presente actuación manterase en vigor ata que se determine a súa cancelación, a razón do desenvolvemento dos acontecementos sobre o virus que afecta o conxunto da poboación.

17. Queda prohibido o acceso as dependencias de Xefatura de persoal policial fora de servizo, salvo que se lle mobilice.

18. Non está permitido o acceso aos despachos, oficinas ou dependencias singulares, sen autorización da persoa que se atope no seu interior.

19. Diariamente informarase aos mandos que corresponda dos contactos de risco que se haxan de realizar durante o servizo e por suposto da aparición dos síntomas da enfermidade en calquera dos funcionarios de Policía.

20. Cada quenda saínte deberá realizar limpeza dos vehículos e utensilios de uso común.

21. Cada axente deberá tomarse a temperatura a entrada e saída da quenda, deixando constancia nunha folla de rexistro.

22. Entregaranse as mascarar na xefatura e en cada quenda haberá un responsable do reparto das mesmas. Farase un rexistro de entrega asinado debidamente polo axente.

23. É absolutamente necesario que todos os interveñentes procedan a unha rigorosa hixiene de mans antes e despois do contacto en situación de risco e da retirada do EPI.

24. Os traxes e máscaras buco-nasal e luvas trataranse como residuo biosanitario, procedendo ao seu embolsado e sobre-empaqetamento empregando dúas bolsas de lixo, de acordo coas instrucións das autoridades sanitarias ao efecto. As luvas e a máscara deberán refugarse obrigatoriamente.

## SEIS

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 46HL CNCNTGWQFD9LKPZALSJWJ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



As pautas previstas neste protocolo para a Policía Local, se aplicarán igualmente para o servizo do SEIS no que lles resulte asimilado. Non obstante, se establecen ademais as seguintes normas e recomendacións:

Os EPI deben colocarse antes de iniciar calquera actividade probable de causar exposición e ser retirados unicamente despois de estar fóra da zona de exposición.

Recoméndase extremar a hixiene e limpeza das zonas comúns das instalacións municipais.

Os membros do SEIS utilizarán unicamente o vestiario masculino, quedando reservado o feminino para os voluntarios de Protección Civil.

Unicamente se permanecerá nas instalacións municipais o tempo imprescindible para cambiarse de roupa e coller o material de traballo.

Os integrantes do SEIS que non formen parte da quenda de traballo que corresponda permanecerán no seu domicilio, salvo que sexan requiridos para a prestación do servizo.

Se controlará pola Alcaldía ou Concellería delegada o número de persoas autorizadas para utilizar as instalacións, de forma que se poidan gardar as distancias de seguridade de 1,5 metros, entre os membros do SES e os voluntarios de Protección Civil.

.Se incidirá na limpeza de manillas de portas, computadores, mesas, teléfonos, baños, e outras zonas comúns de contacto continuado ou intensivo.

Recoméndase extremar e potenciar a hixiene persoal, seguindo as indicacións das autoridades sanitarias.

Dotarase á instalación de medios de hixiene e limpeza de mans.

Recoméndase evitar o comer nas instalacións e no caso de que sexa necesario pola prestación dos servizos farase de forma individual.

Ata nova orde suspéndense simulacros, visitas de colexios, etc

Debe terse en conta que estas recomendacións están en continua revisión e serán modificadas se a evolución da situación así o require, elaborándose en consecuencia versións posteriores deste documento, que se adapten á situación e coñecemento que se teña do virus en cada momento.

**Vixencia do Protocolo.** Este Protocolo estará inmediatamente vixente ata o día 29 de marzo de 2020, sen prexuízo da ampliación de dito prazo atendendo ás circunstancias concorrentes, ou de calquera circunstancia que afecte ao funcionamento dos servizos."

**SEGUNDO.-** Poñer en coñecemento a presente resolución das/os responsables dos servizos así como comunicar as medidas adoitadas ao Comité de Seguridade e Hixiene do Concello de Redondela.

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA

M<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde





CONCELLO DE REDONDELA

## DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: 46HLCNCNYGWQFD9LKPZALSJWJ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C